

I

Christina de Suecia

1

Nesta primavera Estocolmo semella non dar acordado do seu letargo invernal. Aínda non apareceron os paxaros, nin moito menos as flores ou as bolboretas, que as árbores continúan lucindo núas e mesmo se diría que aos días lles custa medrar logo dun inverno tan cru como o que caeu por estas benditas terras de setentrión. Está anoitecendo na praza de Stortorget, en pleno centro da cidade. Malia non ser máis das cinco da tarde, a cor ocre amarelada de todo o barrio xa vai perdendo intensidade e, nuns minutos, resultará tan apagada coma as augas que circulan baixo as pontes, tan gris coma as augas que acaban de pasar, tan fría coma as augas que agora mesmiño están correndo cara ao mar e dentro dun momento xa estarán fundidas nel. Cun escenario feito dunha paisaxe así de murcha e co aire frío batendo nos rostros dos viandantes, os pensamentos han de ser por forza tristesiros. «Non volveremos ver pasar as augas deste mesmo río.» Porque Stortorget é unha praza entre pontes, e por riba unha praza triste, vencellada á violencia da vida. Aínda que

ningún monumento dea fe daquel asunto, noutro tempo Stortorget foi escenario dun crime, ao que a poboación de Estocolmo chamou «O baño de sangue». En novembro de 1520 o rei danés Christian II asediou ao rexente sueco Sten Sture, o Mozo, ata que o fixo capitular e os suecos tiveron que aceptar a Christian como rei. Este prometeu unha amnistía e organizou un increíble festín de tres días na fortaleza de Tre Kronor. Despois de riren e beberen, de bailaren, saloucaren, brindaren, xuraren; despois de amaren e adormeceren, e volveren beber e xantar, e apertárense, despois de gozaren, en fin, da fortuna de estaren vivos, no terceiro día, cando se achegaba a fin das festividades, todos os participantes foron arrestados, acusados de herexía. Á mañá seguinte, máis de oitenta cidadáns, na súa maioría nobres, foron decapitados nesta praza, xa para sempre praza de dor e de orgullo ferido. Mais o sangue non aboia hoxe polas canles de Estocolmo, aínda que o incidente se deixe sentir no receo con que os suecos miran aos estranxeiros. «Non nos bañaremos nunca nestas mesmas augas porque a travesía, definitivamente, xa tivo lugar.» Os pensamentos non están na paisaxe, que proceden dunha cabeza humana que proxecta unha sombra alongada sobre as augas. Non, a dicir verdade, é a figura enteira, alta, esvelta, a que proxecta esa silueta alongada, que a cabeza é parte pequena nesa sombra chinesa; o menos representativo dela talvez porque, tal e como dá agora mesmo a luz, é a parte baixa do corpo a que resulta salientada e ensanchada pola imaxe do luscofusco. Trátase dunha figura humana que apoia as mans sobre o peitoril dunha das pontes, non importa agora cal. As mans, delgadas, de dedos longuísimos, non poden verse, que van

envoltas en luvas. Sen a indicación que poderían dar as mans, resulta difícil saber se se trata dun home ou dunha muller. Leva roupas amplas, de abrigo, ricas e ben cortadas aínda que non ostentosas. Non hai reberetes nin volantes que denuncien a dama polo bordo inferior do traxe. Tampouco non hai mostacho ou barba, nin calzón curto sobre bota, nin sombreiro con pluma, que denuncien o cabaleiro. Podería ser un home novo ou unha muller nova, non vello, nin rapaz, nin nena, nin vella, nin rostro doutro país, con outra cor na pel. A persoa que se apoia na ponte e mira as augas pensa «por que non nos decataremos de que están pasando as augas ata que as vemos cantaruxando nas pedras, un chanzo máis abaixo do nivel onde nos atopamos cando xa non somos quen de apreixalas?» que, con semellantes pensamentos, diríase que é un home, que a cabeza dunha muller, xa se sabe, é máis propicia a adornos cá pensamentos, sobre todo se son serios e profundos coma estes. A figura humana que se apoia no peitoril da ponte é unha persoa triste. Ou, se se prefire, é unha persoa e, ademais, está triste. Isto é canto se pode dicir dela. Ademais, claro, de que leva unha capa de la negra ata os pés con carapucha calada sobre o cabeza. Coma un frade, igual. E, no entanto, calquera observador que a mirase sabería que non é un frade: as roupas non falan de pobreza, a mirada é demasiado rebelde para aceptar a obediencia e... en fin, da castidade é mellor non falar, nestes tempos en que hai tantos impúdicos de vida exemplar... e castos ben chuchados, por certo. En todo caso, eses beizos, os desta figura humana que se apoia no peitoril da ponte de Stortorget, son ben arrogantes e semellan non estar feitos para que os coman os vermes sen

ter antes sido treboada, niño, cova, sen ter buscado e recibido. Polo demais o rostro é equilibrado, non exactamente fermoso nin feo, que calquera cualificativo se lle aplicará sen excesos, pura contención, con pómulos marcados e nariz algo longo. Os ollos non poden ser xulgados, que a carapucha da capa, sen cubrilos directamente, non permite velos con claridade e dálles unha aparencia misteriosa. Esta figura humana, así soa, sobre a ponte, podería corresponder a un cabaleiro templario que acabase de chegar de Xerusalén e gardase o máis prezado dos segredos. Tamén podería corresponder a un reo acabado de escapar da prisión. Ou, por que non?, a un artista que estivese a procurar a inspiración nesas augas que circulan e se perseguen sen alcanzarse nunca. Podería corresponder, a figura humana na ponte, a moitos personaxes distintos, e precisamente, esa dificultade de darlle atributos é a que amolaría a un observador. Porque quen ve, poñamos por caso, unha muller nova con dúas criaturas pegadas á saia, xa sabe que é unha nai, que atravesa rápido a praza para estar ao acubillo na casa antes de que arrefría. Mais unha figura tal que esta que se ve hoxe en Stortorget é indefinible, independente, e iso faina molesta. A figura, como sentíndose pouco aceptada polos viandantes, escasos xa a esta hora, vólvese e comeza a andar. O movemento imprime señorío ao seu porte. A figura elegante e estilizada non vai deixar Stadsholmen, a illa de maior tamaño do Gamla Stan, e logo dun pequeno paseo polas súas vellas ruelas, de súpeto, como movida por un resorte, dá volta sobre si mesma para dirixirse, paso seguro, ao castelo de Tre Kronor, neste momento residencia dos monarcas suecos. Porque a figura que miraba o triste deva-

lar das augas non era home, que era muller, non era vella, que era nova, non era unha figura humana sen máis, que era a auténtica raíña de Suecia. Que faría alí soa? E a esta hora! Estará tola?... Estará. Chámase Christina.